

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Fornelos de Montes
COMARCA: Vigo
DATA: 24/04/2016
LUGAR DE REALIZACIÓN: Bar

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 8
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 4
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: toda a militancia

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Henrique Riveiro Diniz e Pedro Pérez Caride
Representante Consello Nacional: Manuela Rodríguez Pumar

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 8
DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 2 Horas
METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):

Clasica, arredor dunha mesa tomando un café.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Reunión con alta participación dos asistentes, con críticas constructivas e bo ambiente. O debate saiu do estrictamente local, debaténdose tamén liña política do BNG, participación política, alonxamento do BNG da realidade social e os erros na forma de comunicar que non enfatiza coa xente. A valoración xeral é satisfactoria, se valora positivamente este proceso pero que debe ter continuidade no tempo e moita mais participación.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posibles)

Situación do nacionalismo galego.

Mensaxes intrascendentes para a cidadanía.

Sensación de alonxamento dos problemas sociais.

CON CARÁCTER XERAL

Formas desacertadas de transmitir a nosa mensaxe, soberanía e independencia que significado ten para o noso País e para súa xente, falta explicación.

Os presentes concordan na necesidade de derrotar ao PP, para que Galiza inicie a súa recuperación económica e social.

O BNG ten que voltar a ser o referente do nacionalismo galego, xa que é o único que defende o noso País,

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Se pon de manifesto a situación de emerxencia nacional pola que esta a pasar Galiza.

A recuperación do noso País só pasa pola derrota do PP.

Tamén se pon de manifesto os seguintes problemas: avellentamento da poboación, desemprego, destrución dos nosos sectores productivos, a emigración, a falta de oportunidades para a mocidade, etc.,,

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

O BNG debe ter unha actitude mais aperturista, que os debates deixen de ser orgánicos e pasen a ser debates mais socializados na sociedade xeral, fomentar a participación real en todos os ámbitos políticos.

A comunicación hai que adaptala a realidade social de cada localidade, ninguén dubida da importancia da novas tecnoloxías, pero isto non debe nin pode sustituir a comunicación en papel e a persoal que chega moito mais e moi importante, para que a xente enfatice mais com nos.

Evitar discursos de exaltación nacional, restando importancia os problemas que se sufren todos os días que son os que realmente preocupan a poboación. Dedicandonos mais a propoñer solucións a estes problemas desde unha perspectiva da cuestión nacional, a cidadanía asumirá e entenderá con mais facilidade a nosa proposta de soberanía.

Non se debe perder mais tempo e forzas, en querer a unidade do nacionalismo com forzas que apostan por organización com dependencia externa.

O BNG non debe sacrificar mais a súa marca e siglas nos procesos eleitorais.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Mellorar a forma de comunicar.

Os problemas internos do BNG se trasladaron a sociedade, o que nos danou a nosa imaxe social, a nosa credibilidade e as nosas aspiracións políticas.

O modelo frontista non é o problema, pero se isto impide a implicación doutros colectivos nacionalistas nas filas do BNG isto tampouco pode ser un problema para cambiar a un modelo de partido ao uso se isto é para sumar forzas.

A dirección nacional debe ter mais presenza nas localidades, debe visualizarse como unha organización de equipo e non com personalismos é moi importante ter referentes políticos e que estes se visualizen nas diferente comarcas e localidades.

Debese fomentar as asembleas coa participación non só dos simpatizantes senón tamén de organizacións sociais.